

PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2005 EN GALICIA

XXIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Ribadavia (Ourense), 9-13 maio 2005

Auspiciado pola



Declarado cun crédito de libre configuración pola



*Recoñecido como Curso de
Relevancia Administrativa*



Patrocinador oficial



Colaboran na organización



Concellos participantes da Comarca do Ribeiro

Concellos invitados



Director

Prof. Dr. Francisco Peña

PRESENTACIÓN

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico (o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e benestar á poboación). A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e cambio climático, a destrucción da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de tódolos recursos que condicionan e sustentan a vida. Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ó ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integra-la política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar ás entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible; sendo esta unha oportunidade máis, de conciencia-los concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión, a través da posta en marcha do **Programa Municipios Saudables e Sostibles en Galicia**, que leva consigo:

- **Un primeiro nivel de actuación:** de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e de tódolos axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente, a través da realización do XXIV Curso de Saúde Ambiental en Ribadavia, co obxectivo de contribuir a mellorar a xestión e as condicións de vida dos cidadáns da Comarca do Ribeiro.

- **Un segundo nivel de actuación:** de participación cidadá, a través da realización de conferencias-coloquio e unha exposición sobre o medio ambiente natural galego, co obxectivo de propiciar a participación activa de toda-la cidadanía da Comarca do Ribeiro.

- **Unha recomendación:** que os Concellos da Comarca do Ribeiro adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien o desenvolvemento da Axenda 21 Local (os Concello de Arnoia e Ribadavia atópanse na fase inicial da posta en marcha da Axenda 21 Local), levando a cabo como primeiro paso un diagnóstico ambiental, para coñecer cal é a situación real existente da que se parte, coa finalidade de adoptar as medidas correctoras pertinentes que permitan corrixir as deficiencias detectadas.

Co fin de abordar e debater algúns dos problemas prioritarios que ten a Comarca do Ribeiro, organízase este curso que, está deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente. Finalmente, destaca-la necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable para tódolos galegos, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira ()*

Responsable do Programa Municipios Saudables e Sostibles 2000-2005 en Galicia.

(*) Pioneiro e impulsor da saúde ambiental en Galicia, debido á súa dilatada traxectoria académica e profesional, tras 26 anos de actividade e labor desenvolvido, ten acreditado un recoñecido prestixio e é ben coñecido en medios nacionais e internacionais como un avanzado ambientalista, pola súa contribución ós sectores medio ambiente e saúde na triple vertente docente, investigadora e educativa, que se traduciu, entre outros, no recoñecemento da OMS pola súa valiosa contribución ó proxecto europeo "Healthy Cities", na obtención de oito premios de investigación científica e sete distincións e recoñecementos, e na publicación de 35 libros e 134 publicacións científicas e artigos de divulgación relacionados coa problemática hixiénico-ambiental. Doutor en Farmacia pola Universidade de Compostela, especialista universitario en Toxicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid, diplomado en Sanidade pola Escola Nacional de Sanidade, académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia do Instituto de España, socio numerario da Sociedade Española de Sanidade Ambiental, ex-profesor de Hixiene e Sanidade Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela, ex-director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) con sede no Castelo de Santa Cruz de Oleiros. En calidade de experto en sanidade ambiental foi vocal do Consello Galego de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e membro do Comité Científico do I Congreso Mundial de Saúde e Medio Ambiente Urbano. Formou parte do Acordo da V Sesión da Comisión Mixta de Cooperación Técnico-Científica entre Italia e España no apartado Protección Ambiental, habendo realizado diversas estancias de investigación no Laboratorio de Igiene Ambientale do Istituto Superiore di Sanità (Roma). Levou a cabo a organización e dirección técnico-científica de máis dun centenar de plans, proxectos, programas e actividades de formación, investigación e educación ambiental en Galicia. Elaborou un Plan de formación, investigación e educación ambiental para a Secretaría xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Puxo en marcha un Plan de formación ambiental na Escola Galega de Administración Pública. Dirixiu un Plan de actividades sobre medio ambiente da Fundación Semana Verde de Galicia no Recinto Feira Internacional de Galicia. Director do Programa de Formación Ambiental das Patrullas Verdes do Concello de Caldas de Reis (Pontevedra). Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE- Universidade Politécnica de Madrid.

PROGRAMA

LUNS, 9 MAIO 2005

16,30 h.: **ACREDITACIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN.**

17,00 h.: **ACTO INAUGURAL DO CURSO.**

17,15 h.: **CONFERENCIA INAUGURAL: “O camiño cara unha Galicia saudable e sostible”.**
PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

18,30 h.: **MESA REDONDA I: “A empresa ante o reto ambiental do século XXI: a súa contribución ó desenvolvemento sostible”.**

PONENTES:

- **“O termalismo como fonte de saúde, turismo e natureza na sociedade do ocio”.**
CALDARIA TERMAL, S.L.

- **“A experiencia de APPLUS+ na certificación de sistemas de xestión medioambiental no mundo”.**
D. JORGE CUYÁS ÁLVAREZ

Licenciado en Ciencias Químicas. Máster en enxeñería ambiental. Responsable de Certificación de Sistemas de Xestión Medioambiental de APPLUS+ Asturias”.

- **“A realidade dos sistemas de xestión medioambiental en Galicia: a experiencia de AENOR”.**
D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO

Licenciado en Ciencias Químicas e Diplomado en Enxeñería Ambiental. Auditor Xefe de Sistemas de Xestión Medioambiental de AENOR en Galicia. Verificador Medioambiental de EMAS.

MARTES, 10 MAIO 2005

16,30 h.: **TEMA I: “Importancia dos sistemas de abastecemento hídrico e de saneamento das augas residuais en relación coa saúde pública e o medio ambiente: vixilancia e control sanitario das augas potables de consumo público e depuración das augas residuais urbanas”.**
PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

18,00 h.: **COMUNICACIÓNS TÉCNICAS SESIÓN DE AUGAS:**

- **“Plan de saneamento de Galicia 2000-2015: a súa aplicación na Comarca do Ribeiro”.**
PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ

Subdirector Xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.

- **“Estación de Tratamento de Augas Potables e Estación Depuradora de Augas Residuais municipais de Ribadavia: eficacia dos procesos de depuración”.**

D. DAVID LAGO NOGUEIRA
Responsable de Producción A Coruña-Lugo-Ourense de Aqualia.

- **“Adaptación dos servizos de abastecemento de augas dos municipios galegos ante a aplicación do Real Decreto 140/2003 polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade do auga de consumo humano”.**

D. JOSÉ MARÍA OURO LÓPEZ
Xefe de Producción de Zona de Aquagest, S.A.

- **“Novas tecnoloxías na depuración de augas residuais domésticas para pequenos núcleos de poboación: eficacia das plantas depuradoras compactas e prefabricadas”.**

D. DAVID BAR RIVEIRO
Enxeñeiro de Minas. Departamento Técnico de SMA-Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.
D. GONZALO ALFONSÍN SOLIÑO
Enxeñeiro Industrial. Departamento de Medio Ambiente de Facet Ibérica, S.A.

MÉRCORES, 11 MAIO 2005

10,00-14,00 h.: **VISITAS PRÁCTICAS:**

- Balnearios de Arnoia e Laias-Cenlle.
- Plantas depuradoras compactas e prefabricadas de augas residuais para pequenos núcleos de poboación (Beade, Vieite-Leiro).
- Pena Corneira (Carballeda de Avía e Leiro).

16,30 h.: **MESA REDONDA II: "As necesidades enerxéticas e a súa axeitada utilización como xeradoras de desenvolvemento sostible"**.

PONENTES:

- "Contaminación atmosférica e acústica: prevención e loita".

PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

- "Problemática medioambiental das minicentraís hidroeléctricas".

D. BENITO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

Director Xeral de Enerxía de Galicia (ENGASA).

- "As enerxías renovables en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro".

DRA. D^a. ROSA NÚÑEZ PARDO DE VERA

Doutora en Ciencias Físicas. Técnico do Departamento de Enerxías Renovables e Servicios do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

XOVES, 12 MAIO 2005

10,00-14,00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Estación de Tratamento de Auga Potable e Estación Depuradora de Augas Residuais municipais de Ribadavia, xestionadas por Aqualia.

- Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro (inclúe cata técnica).

- As Pozas de Melón.

16,30 h.: TEMA 2: "Xestión integral de residuos urbanos".

PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

17,30 h.: COMUNICACIÓNS TÉCNICAS SESIÓN DE RESIDUOS:

- "Importancia da sensibilización cidadá na recollida selectiva de residuos urbanos".

D. JESÚS COTELO CASTIÑEIRA

Licenciado en Socioloxía. Consultor do Departamento de Medio Ambiente de Novotec Consultores, S.A..

19,00 h.: TEMA 3: "Responsabilidade da Administración Local na protección do medio ambiente: competencias e sistemas de financiamento.

Municipios saudables e sostibles. Axenda 21 Local aplicable á xestión municipal. Diagnóstico ambiental: caso práctico".

PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

VENRES, 13 MAIO 2005

11,00 h.: **MESA REDONDA III: "Posta en común sobre a problemática ambiental da Comarca do Ribeiro: posibles solucións".**

PONENTES:

- "Contribución da Deputación Provincial de Ourense á conservación de especies ameazadas e ó desenvolvemento sostible da provincia de Ourense".

D. ANTONIO MANUEL ESTÉVEZ PRIETO

Técnico de Conservación Natural, Medio Ambiente e Enerxía da Deputación Provincial de Ourense.

- "O termalismo na provincia de Ourense, co especial referencia ás Comarcas do Ribeiro e do Carballiño".

PROF. DR. D. LUIS RODRÍGUEZ MÍGUEZ

Académico Numerario da Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia.

- "A industria enolóxica e o medio ambiente na Comarca do Ribeiro".

VITIVINÍCOLA DO RIBEIRO SCG

- "A experiencia de Ridimoas no Ribeiro da Avia".

D. PABLO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ "OITABÉN"

Profesor do IES O Ribeiro de Ribadavia. Presidente da Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas.

- "Ferramentas de sostibilidade aplicables á xestión municipal".

D. JULIÁN MAYOR BALVÍS

Xefe do Departamento de Medio Ambiente de Novotec Consultores, S.A..

- REPRESENTANTES DOS CONCELLOS PARTICIPANTES.

13,00 h.: **ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS DO CURSO.**

13,30 h.: **DEGUSTACIÓN DE VIÑO DO RIBEIRO "VIÑA COSTEIRA 2004".**

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizala súa formación e adecualas esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a melloralas xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo que aborde a situación medioambiental da Comarca do Ribeiro, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitirla cooperación e o diálogo entre tódolos axentes sociais implicados no tema.

DESTINATARIOS

- Técnicos, funcionarios e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado de ensino secundario, formación profesional e universitaria que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado coas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos superiores en saúde ambiental, química ambiental, etc.
- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres (farmacéuticos, médicos, veterinarios, químicos, biólogos, enxeñeiros, arquitectos, avogados, economistas, xeógrafos, psicólogos, sociólogos, diplomados en relacións laborais, diplomados en enfermería, etc.) que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudiantes universitarios relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudiantes dos ciclos formativos de grao superior de saúde ambiental, química ambiental, etc.

METODOLOXÍA

- Exposición por parte do profesorado e ponentes do contido teórico do curso co apoio de medios audiovisuais (power point), coa presentación de ponencias e comunicacións técnicas así como casos prácticos nos que tamén intervirán activamente os propios alumnos amosando as súas experiencias.
- Realización de visitas prácticas ó medio natural e a instalacións de interese medioambiental e sanitario.
- Mesas redondas (3).
- Exposición sobre: "O medio ambiente natural galego".

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRIPCIÓN

- **Número de prazas:** estará limitado a **60**, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria o entrega en efectivo na oficina de Caixa Galicia, sita na rúa Ribeiro, nº 31 - 32400 Ribadavia (Ourense), nº de conta: **2091-0408-42-3040012736**, a favor do "XXIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL EN RIBADAVIA", especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubri-lo boletín de inscrición, que deberá achegar o xustificante do pagamento, e presentarse/enviarase por fax/correo á Secretaría Técnica do Curso. O prazo de inscrición abrirase o luns día 4 de abril, fixándose a data límite de formalizala o venres día 6 de maio ás 14,00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase un maletín coa publicación do **libro do curso** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN

- Aqueles alumnos que participen con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.
- A Universidade de Vigo (UV) concederá 1 crédito de libre configuración ós alumnos matriculados nesa Universidade que asistan ó curso.

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Centro Comarcal de O Ribeiro (Avda. de Redondela, nº 3 – 32400 Ribadavia).
- **Datas:** do 9 ó 13 de maio de 2005.
- **Horario:** de 16,30 a 20,30 horas (de luns a xoves). O mércores e xoves (de 10,00 a 14,00 horas) terán lugar unhas visitas prácticas (opcionais) e o venres (11,00 a 14,00 horas) terá lugar a sesión de clausura do curso.

SECRETARÍA TÉCNICA DO CURSO


CONCELLO DE RIBADAVIA

Charo Casado Palomanes / Julia Mosquera Vázquez
R/ Praza Maior, s/n.
32400 RIBADAVIA (OURENSE)
Tel.: 988 47 71 00 / Fax: 988 47 71 01
E-mail: sec.c.ribadavia@terra.es

FUNDACIÓN COMARCAL DE O RIBEIRO

Sonia Vázquez Rodríguez
Avenida de Redondela, nº 3
32400 RIBADAVIA (OURENSE)
Tel.: 988 47 71 40 / 988 47 00 28 / Fax: 988 47 12 54
E-mail: fribeiro@comarcasdeg Galicia.com

PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2005 EN GALICIA



Entidades e empresas colaboradoras

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

 Aquagest

 aqualia

Applus⁺
Certification
Technological Center

caldaria
Hotels y Balnearios



 ENGASA
energía de galicia s.a.

novotec

sma
Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

 Vitivinícola do Ribeiro
S.C.G.